As expedicións científicas

"Houbo unha sacudida e o barco comezou a moverse. Sentín o siseo das caldeiras de vapor que a goleta empregaba para saír do porto e chegar a mar aberto onde o vento permitiría navegar a vela. Sentín ou imaxinei, porque o lugar onde me agochaba non deixaba ver nada do que sucedía no exterior e, a duras penas, respirar. Era este escondedoiro un gran caixón destinado ás mantas, na parte inferior do camarote de Andrés, o meu irmán; Andrés debía compartilo con Claudio Fernández, o outro zoólogo da Expedición, especialista en invertebrados, pero Claudio, debido a unhas inoportunas febres terzás, non comparecera á mañá no peirao de Cádiz, e foi esa ausencia providencial a que me fixo concibir a idea de esconderme no camarote, de converterme no oitavo integrante da Expedición Científica do Pacífico..." A expedición do Pacífico de Marilar Aleixandre.

1. Le o texto atentamente.
2. Busca e incorpora ao teu glosario as palabras que non entendas.
3. Resume o texto nun máximo de tres liñas.
4. Que son as febres terzás das que fala o texto? Debuxa o organismo que as produce. É un animal, unha planta...? Por que non é unha bacteria? Como se transmite?
5. Observa o mapa e responde ás seguintes preguntas. Cantas persoas morreron desa enfermidade en España no 2006? En que continente son máis numerosas as mortes? Investiga as causas da distribución desa enfermidade.

Gapminder, CC-BY

6. Pincha sobre o mapa e anota os países con máis mortes no ano 2006.
7. Esta enfermidade forma parte das coñecidas como enfermidades esquecidas. Lede o artigo enlazado aquí e discutide as causas e solucións deste problema.
8. A partir fundamentalmente do século XVI, sucédense unha serie de viaxes transoceánicos nos que se mesturan os obxectivos políticos e científicos; son as expedicións científicas das que fala o noso texto. Viaxes de descubrimento e aventura sobre as que hoxe imos investigar. Escollede a vosa e analizade: o percorrido, duración, obxectivos, e logros.
   - Real Expedición Española da Vacina.
   - Expedición do HMS Endeavour.
   - Expedición da Boudeuse e L'Étoile.
   - Resolution Adventure
   - Expedición do Albatross
   - Expedición antártica belga
   - DSV Alvin
   - Expedición Malaspina 2010-2011

Titanic Misterio resuelto, CC-BY

Pero antes de empezar o traballo practiquemos a busca de información na internet.

As expedicións científicas

Imos facer un concurso de velocidade, a ver quen é o primeiro que atopa a seguinte información: (antes de empezar dedicade un segundo a pensar como se busca información de forma rápida e segura. Enlace)

- Busca unha imaxe dunha explotación de acuicultura en Galicia baixo licenza CC-BY-SA (Aquí tes información sobre licenzas e como buscar a licenza que queres. Lembra que rematarás máis rápido si sabes como buscar. Enlace)
- Durante a segunda metade do século VII, e durante o reinado dun rei visigodo, publícase o primeiro documento sobre acuicultura en España. Como se chama ese documento?
- Cal foi o principal produtor mundial de produtos de acuicultura no ano 2010?

Chega o momento de demostrar as túas habilidades. Deseña outras tres preguntas para que os teus compañeiros busquen na Internet.

Non llo poñas fácil pero tampouco imposible!